

MEMORIA UDP CORUÑA 2019

PROGRAMAS REALIZADOS NO 2019

PROGRAMAS DE FORMACIÓN, BENESTAR E ENVELLECIMIENTO ACTIVO

- Clases de Francés: impartida por profesor nativo, con dous grupos, nivel intermedio e perfeccionamento, impartido dous días a semana.
- Pintura: dous días á semana, da man dunha profesional con anos de experiencia.
- Club de Lectura: impartido unha vez á semana.
- Taller de Memoria: coa supervisión dunha psicóloga, unha vez á semana.
- Clases de Informática: nivel de perfeccionamento e nivel de iniciación, un día a semana cada nivel.
- Taller de Iniciación ó Smartphone: unha vez ó trimestre.
- Taller de Iniciación á Tablet: unha vez ó trimestre
- Sendeirismo: unha vez ó trimestre.
- Difusión:
 - ✓ Realización de folletos, correo masivo..... de información xeral.
 - ✓ Publicidade de actividades, encontros ou novas a todos os niveis por medio de radio, prensa e calquera medio que se considere axeitado.
 - ✓ Chamadas de teléfono, envío correo electrónico,

PROGRAMA CULTURAL E SOCIAL

O obxectivo principal deste Programa é aumentar a importancia e incidencia da cultura como factor de desenvolvemento comunitario. Búscase propiciar cambios conceptuais que promovan sociedades máis participativas, xustas, equitativas, democráticas, solidarias e tolerantes. Para iso, os obxectivos secundarios son:

- Fomentar o desenvolvemento de cambios conceptuais
- Propiciar a inclusión da creatividade, a identidade, a diversidade e o pluralismo cultural como substantivo na participación social das persoas maiores.
- Fomentar a cooperación cultural como factor chave para o desenvolvemento dos pobo galego.
- Promover a coordinación e coherencia con outros axentes que permitan a transversalidade das accións culturais.

Realizáronse **DIVERSAS ACTIVIDADES** para coñecer socio-culturalmente e dende unha perspectiva histórica as catro provincias galegas:

- Lugo: Visitaron o nacemento do río Miño no Pedregal de Irimia e desfrutaron dun dos castros mellor conservados, o Castro de Viladonga.
- Santiago de Compostela para coñecer a magnífica rehabilitación do Pórtico da Gloria
- A Coruña: degustando a nosa gastronomía e sendo protagonistas da nosa historia, visitando o Dolmen de Dombate e Virxe da Barca en Muxía.

VIAXES CULTURAI

- Betanzos
- Parga

OUTRAS ACTIVIDADES

- Conferencias versadas en temas de interese para os maiores, e solicitadas por eles, como foi a realizada sobre as herdanzas no mes de febreiro. Para a realización destas conferencias formativas, solicítase sempre a colaboración, voluntaria e non remunerada, de profesionais da materia. Ademais da impartida pola psicóloga da Cruz Vermella no mes de xaneiro que falou do bo trato que merecen as persoas maiores.
- Día do Maior. No mes de outubro visitamos a CRTVG en San Marcos, Santiago de Compostela e repetimos a visita guiada ó Pórtico da Gloria, dado o éxito alcanzado na primeira visita.
- Visitas a museos, Fundación Barrié...
- Xuntanzas ao longo de todo o ano en diversos locais de membros da Federación.
- Entrevistas con personalidades públicas ademais de visitas a organismos públicos e privados co obxectivo de manter a presenza do colectivo de persoas maiores galegas na axenda política.
- Coordinación e preparación, participación en actividades en colaboración coa UDP Nacional.

COMPLEXO XERONTOLÓXICO "LA MILAGROSA"

Durante o ano 2019, a UDP-A Coruña seguiu coa xestión do Complexo Xerontolóxico La Milagrosa, que conta con 72 prazas de Centro de Día e 64 de Residencia, dedicado principalmente a persoas maiores con perda da súa capacidade funcional ou que respondan ao perfil de fráxiles, caracterizado por a súa vulnerabilidade ante eventos adversos.

Coa filosofía de intervir para tratar de enlenteecer o proceso de deterioro, desde o Complexo e a través dos seus diferentes departamentos asistenciais, se levaron diferentes programas asistenciais, tanto de avaliación como de intervención. Deste xeito, tanto os residentes como as persoas usuarias participan das diferentes actividades postas en marcha, algunhas das cales destacan polo seu grao de innovación como son as referidas a Sala de

Estimulación Multisensorial, o Xardín Xerontolóxico e a sala de Actividade Física Multicompoñente.

En canto aos departamentos asistenciais, actualmente o Complexo está estruturado en:

- Departamento médico
- Departamento de enfermaría
- Departamento de psicoloxía
- Departamento de terapia ocupacional
- Departamento de logopedia
- Departamento de fisioterapia
- Departamento de actividade física e deporte
- Departamento de animación socio-cultural

Todos os departamentos traballan de xeito coordinado na avaliación e posta en marcha do Programa Individualizado de Atención das persoas usuarias.

O centro, vinculado a Universidade da Coruña, recibe anualmente, durante o período do curso escolar , principalmente, a diferentes estudantes para realizar estancias prácticas o formarse no campo de atención nas persoas maiores. Así, durante o ano 2019, foron recibidos para realizar seus programas de “practicum” alumnado das seguintes titulacións:

- Mestrado Xerontoloxía Clínica da Universidade da Coruña
- Mestrado de Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
- Grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña
- Formación Profesional do Colexio Liceo La Paz
- Formación Profesional da cruz Vermella

Para a xestión de toda a información, o Complexo conta cunha aplicación denominada Resiplus que foi adaptada, na medida do posible, as necesidades do mesmo.

Por outra banda, no centro, recoñecido como centro de I+D+i a nivel estatal, realízanse actividades de investigación, destacando os seguintes proxectos, en curso:

- Fraxilidade e actividade física multicompoñente
- Xadrez terapéutico
- Luminoterapia e trastornos de ansiedade e sono

Ademais das actividades asistenciais, de formación e investigadoras, desde o Complexo organízanse outras actividades de animación e dinamización que dependentes do Departamento de Animación Socio-Cultural inclúen las referidas as festas do nadal, entroido, semana santa, verán e outras.

Con carácter mensual, desde o Complexo edítase o folleto denominado “O Veterano” que inclúe información relevante sobre a vida diaria do Complexo e máis da UDP-Coruña. Nel aparece reflectida aquela información que se vai producindo no día a día no centro, tanto referida as propias persoas usuarias (eventos) como as novidades do Complexo (novas actividades, ...)

Na Coruña a 31 de decembro de 2019

Fdo. Margarita Bárcena

Presidenta en Funciones

UDP-A CORuña